



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 23 DE ABRIL DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e tres de abril do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 12 de marzo de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO COMPLEMENTARIO DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DA LIÑA DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO)".

Visto o expediente tramitado por este Concello para contratar as obras do proxecto de "RENOVACIÓN DA LIÑA DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO)".





Ao tratarse dun expediente de contratación iniciado antes da entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade co disposto na súa Disposición transitoria primeira, a súa tramitación rexeráse pola normativa anterior.

O investimento foi incluído na **“4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).

O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 30/11/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.61900, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 04/05/2017.

A adjudicación realizouse por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 11/04/2019 a favor da empresa “Excavaciones y Obras Marcos, S.L.” (NIF número B70093539), nas seguintes condicións contractuais:

a) Prezo total do contrato: 100.292,92 euros (Base: 82.886,71 euros; IVE 21%: 17.406,21 euros).

b) Prazo de execución: 4 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data novembro/2015.

O correspondente contrato administrativo asinou se na data 07/05/2019.

A comprobación de replanteo da obra realizouse na data 23/09/2019, da cal se levantou a correspondente acta.

Na data 20/12/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, levantou acta de paralización das mesmas na que conclúe *“...Tras completar a instalación da nova rede de saneamento en Rúa Dunas e empezar a obra en Rúa Delicias, observamos que o colector existente nesta rúa está mais deteriorado que cando se redactou o proxecto, polo que debe ser inspeccionado con videocámara para determinar si é posible reutilizalo para a recollida de augas pluviais.*

Polo tanto, é preciso paralizar a obra ata que se comprobe o estado do colector de saneamento unitario existente na Rúa Delicias”.

Con data 20/04/2020, a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, presentou un informe no que, entre outros extremos, manifesta:





“...O proxecto redactouse en novembro do 2015 e a obra empezou en setembro do 2019. Ao empezar coa execución dos traballos na Rúa Delicias constatouse que o estado do colector de formigón existente na dita rúa non era o mesmo que cando se elaborou o proxecto. Realizouse unha inspección con videocámara do interior da tubaxe e comprobouse que o colector deteriorouse moito dende o ano 2015 e actualmente os tubos teñen un espesor moi reducido e as xuntas de unión entre os mesmos están abertas, o que provoca fugas de auga, infiltracións ao terreo e asentamentos do firme da calzada.

Polo tanto, non é posible aproveitar o colector existente na Rúa Delicias como se expuxo inicialmente e é preciso instalar unha nova rede para as augas pluviais, que garanta que as augas superficiais, en esta zona tan sensible ás inundacións, sexan recollidas correctamente. Ademais, se non se substitúe esta tubaxe, aínda que se estenda unha nova capa de aglomerado, seguiríanse producindo asentamentos no pavimento”.

Concluindo no citado informe:

“Por todo o exposto considérase necesario para a correcta execución da obra proxectada, instalar un novo colector para a recollida das augas pluviais na Rúa Delicias, constituíndo esta actuación una prestación complementaria ás inicialmente contratadas, non podendo separarse tecnicamente do contrato primitivo sen causar graves inconvenientes á execución da obra.

Dado que se cumpren as condicións esixidas no artigo 171.b do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que se considera necesario executar ditas actuacións para poder executar o contrato primitivo, SOLICITASE autorización ó órgano de contratación para comezar a tramitación do novo proxecto como un COMPLEMENTARIO ó de “RENOVACIÓN DA LÍÑA DE SANEAMIENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO)” e para proceder a fixar os prezos contraditorios necesarios co contratista principal da obra, xa que os traballos no poden separarse tecnicamente do contrato primitivo ó estar directamente enlazados os traballos proxectados coa execución da obra principal e o seu importe acumulado non vai superar o 50 por cento do importe primitivo do contrato.”

Visto que, segundo o artigo 105.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, “A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de sumar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria deste, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberá procederse a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas nos artigos 171.b) e 174.b)”.

Visto que, de acordo co artigo 171 do TRLCSP, “Ademais de nos casos previstos no artigo 170, os contratos de obras poderán adxudicarse por





procedemento negociado nos seguintes supostos: (...) b) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, ou no proxecto de concesión e o seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia que non se puidera prever por un poder adxudicador dilixente pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ó contratista da obra principal ou ó concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, sempre que as obras non se poidan separar técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ó órgano de contratación ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato (...)"

Vista a Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA autorizar a redacción dun proxecto COMPLEMENTARIO do proxecto de RENOVACIÓN DA LIÑA DE SANEAMENTO E REPOSICIÓN DOS PAVIMENTOS DA RÚA DELICIAS E DA RÚA DUNAS (CORRUBEDO).

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de datas 12/11/2019 e 04/03/2020 (Rexistros de entrada nº 15.861 e 3.275), nos que solicita licenza de obras para construción de dous (2) edificios con destino a locais de carga de baterías de carretillas, almacén de recambios e almacén de residuos perigosos para actividade anexa de fabricación de conservas de pescado, mariscos e cefalópodos, na parcela nº 35 con refª





catastral nº 0339108NH0103N00001LW da Avda Ramiro Carregal Rey, Polígono Industrial de Xarás, Riveira.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga o día 25 de novembro de 2019, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 16 de marzo de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/04/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade FRINSA DEL NOROESTE S.A. **LICENZA DE OBRAS (Nº 8/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE DOUS (2) EDIFICIOS CON DESTINO A LOCALES DE CARGA DE BATERÍAS DE CARRETILLAS, ALMACÉN DE RECAMBIOS E ALMACÉN DE RESIDUOS PERIGOSOS PARA ACTIVIDADE ANEXA DE FABRICACIÓN DE CONSERVAS DE PESCADOS, MARISCOS E CEFALÓPODOS**, na parcela nº 35 con refª catastral nº 0339108NH0103N00001LW da Avda Ramiro Carregal Rey, Polígono Industrial de Xarás, Riveira, nos termos do Proxecto Básico visado polo ICOIIG de día 20 de outubro de 2019, do Anexo ao Proxecto Básico visado polo ICOIIG de día 3 de febreiro de 2020, redactado polo Sr. Diego Vázquez Rouco, (enxeñeiro industrial col. nº 2.230), así como do Acordo de adose asinado o día 27 de febreiro de 2020 co lindante da parcela nº 34 do Polígono Industrial de Xarás Sr. Manuel Sanlés Rego como representante da empresa Electro Gallego S.L.:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Proxecto de Execución visado polo ICOIIG que deberá incluír Anexo técnico xustificativo do cumprimento do R.I.T.E (I.T 1.1.4.2) no relativo á calidade do aire interior da zona de fabricación de envases así como xustificación do cumprimento da normativa acústica aplicable Decreto 106/2015 de 9 de xullo de constaminación acústica de Galicia.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*





- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra





respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE REGULADO NO ANEXO II DO DECRETO 29/2010 DE 4 DE MARZO ASÍ COMO DA SOLICITUDE DE LICENZA OBRA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR - COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Instalación de ascensor en edificio existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0814613NH0101S0001FX.

SITUACIÓN: Rúa de Galicia nº 5 (anteriormente nº 18), Ribeira.

PROMOTOR/A: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO, (CIF H-15.286.909).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633).

PROXECTO: Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de maio de 2019 / Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019 / Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019 / Escrito de xustificación de enmendas redactada polo redactor do proxecto de marzo de 2020 / Acta da xunta extraordinaria de día 7 de maio de 2019 polo que se acorda solicitar subvención para instalación de ascensor por unanimidade dos presentes.





ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 50.420,17 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO, (CIF H-15.286.909), solicitábase en escritos rexistrados de entrada nas datas 31 de maio, 3 de xuño, 19 de setembro, 14 de novembro de 2019 e 5 de marzo de 2020, (Rexistro de entrada nº 7.660, 7.761,13.196, 16.024 e 3.340), licenza de obras para instalación de ascensor en edificación existente sito na Rúa de Galicia nº 5 (anteriormente nº 18), Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0001FX, achegándose Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de maio de 2019, Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019 asinados polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (Col. 2.633).

SEGUNDO.- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, en relación á solicitude de licenza de obra para a instalación de ascensor en edificación existente ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal, o día 29 de novembro de 2019.

TERCEIRO.- En relación ao anterior a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO, presenta en escrito rexistrado o día 5 e 11 de marzo de 2020, (Rexistro de entrada nº 3.340 e 3.658) xustificación de enmendas asinada polo redactor do proxecto Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez de marzo de 2020 así como Acta da xunta extraordinaria de día 7 de maio de 2019 polo que se acorda solicitar subvención para instalación de ascensor por unanimidade dos presentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela onde se atopa a edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.2002, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como solo **URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, "*comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.*".

SEGUNDO.- O artigo 15 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, establece que nas obras de ampliación de edificios e nas obras de ampliación de vivendas, será preciso cumprir coas determinacións das normas NHV-2010 ou dos anexos de habitabilidade aos que fai referencia no capítulo VI, exclusivamente na parte ampliada do edificio ou vivenda.





Nas obras de ampliación de edificios será preciso instalar un ascensor no edificio cando éste carezca del, se creen novas vivendas e a porta de acceso a éstas esté sita por encima da terceira planta dende o nivel de acceso do edificio.

TERCEIRO.- O artigo 16 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas neste decreto establecendo que os promotores das actuacións de rehabilitación ou de ampliación de edificios ou vivendas existentes, construídos ao amparo da normativa de habitabilidade anterior a este decreto, poderán solicitar a través dos concellos a excepción do cumprimento das condicións de habitabilidade establecidas no mesmo si, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións de estas normas.

As determinacións da normativa de habitabilidade que poden ser excepciónadas de cumprimento e os límites e condicións para autorizar dita excepción recóllense no anexo II a este decreto.

A súa tramitación ante o Concello inciarase coa presentación da solicitude por parte do promotor da actuación. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación mínima:

a) Anteproxecto, proxecto básico ou proxecto básico e de execución elaborado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente que recolla o estado actual da edificación, ou o plano do solar nos casos aos que fai referencia o artigo 7º e a proposta de intervención.

b) Memoria elaborada polo autor do proxecto no que se recolla a relación detallada das determinacións das presentes normas que se incumplen no mesmo e a xustificación dos motivos que imposibiliten ou acosellen o seu incumprimento.

O procedemento axustárase ás normas da Lei 39/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común. O concello resolverá e notificará no prazo máximo de seis meses sobre a actuación da excepcionalidade á vista do informe elaborado polo técnico municipal competente. A resolución deberá estar convenientemente motivada e nela deberán indicarse expresamente as condicións das NHV-2010 cuio cumprimento se exceptúa e aquelas outras para as que non, figurando na solicitude presentada, non se considera xustificando autorizar a excepcionalidade ao seu cumprimento. Ante a falta de resolución expresa transcurridos seis meses dende a solicitude, os interesados poderá entender estimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro.

CUARTO.- O artigo 17 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo regula as propostas dos criterios a seguir elaboradas polo IGVS, onde establece que para garantir a labor de coordinación de criterios e a correcta e uniforme aplicación dos mesmos polas entidades locais, o IGVS poderá, oído o Comité Asesor de Habitabilidade, elaborar e difundir, con carácter orientativo, propostas ao respecto dos criterios a seguir á hora de resolver as solicitudes de excepción no cumprimento destas normas.

Aos mesmos efectos do punto anterior, os Concellos deberán remitir semestralmente á Dirección Xeral do IGVS a relación de expedientes de excepcionalidade tramitados que incluírá:

- A solicitude de excepcionalidade xunto coa documentación que acompaña.
- A resolución emitida polo Concello.

O IGVS poderá reclamar aos Concellos e con relación a ditos expedientes, a documentación complementaria que estime oportuna.

QUINTO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a





condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

SEXTO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

SÉTIMO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

OITAVO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

NOVENO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

DÉCIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.





Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de maio de 2019, Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019, Escrito de xustificación de enmendas redactada polo redactor do proxecto de marzo de 2020 así como Acta da xunta extraordinaria de día 7 de maio de 2019 polo que se acorda solicitar subvención para instalación de ascensor por unanimidade dos presentes.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

DÉCIMO SEGUNDO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.





Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO TERCEIRO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO CUARTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da





licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO QUINTO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO SEXTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO.- Preténdese instalar un ascensor para mellorar as condicións de accesibilidade no edificio sito na Rúa de Galicia nº 5 (anteriormente nº 18), Ribeira en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0001FX, edificio que conta cunha antigüedad de máis de (30) trinta anos e no que residen persoas de avanzada idade, alguna delas con problemas de mobilidade.

SEGUNDA.- Dada a configuración actual do edificio en concreto a particularidade das condicións especiais do portal en planta baixa que imposibilitan a instalación de ascensor que non sexa xerar un novo oco para a súa instalación xa que como xustifica o redactor do proxecto, é técnicaamente imposible pola súa reducida dimensión situar o acceso ás plantas altas dende o espazo común de acceso ás vivendas xa existente, incumprindo así o disposto no apartado I.B.3.4.B e no apartado I.B.3.4.F respecto ao ascensor do Decreto 29/2010, xa que o acceso as plantas altas se prevé dende o baixo comercial directamente ás vivendas a través da estancia maior de cada unha delas.

TERCEIRO.- En relación ao disposto polo artigo 17.2 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, se informa favorablemente o trámite de autorización de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas, de acordo coas determinacións da de data 13 de novembro de 2019, Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019, Escrito de xustificación de enmendas redactada polo redactor do proxecto de marzo de 2020 redactados polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, no que respecta ao:

- Apartado I.A.3.1.1 condicións xerais - estancias
- Apartado I.B.3.1.1 Acceso portal
- Apartado I.B.3.1.2 Ámbito interior portal
- Apartado I.B.3.1.3 Áreas de acceso a escaleiras e ascensores
- Apartado I.B.3.2.1 Dimensionamento de escaleiras
- Apartado I.B.3.2.2 Iluminación
- Apartado I.B.3.2.3 Ventilación
- Apartado I.B.3.3 Espacios de comunicación





Apartado I.B.3.4.B respecto ao ascensor

Apartado I.B.3.4.F respecto ao desembarco do ascensor en cada planta e o núcleo de escaleiras serán sempre espazos comunicados entre si a través de espazos comúns

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño o día 29 de novembro de 2019 en relación á solicitude do trámite de excepcionalidade regulado no anexo II do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, así como en relación ao cumprimento das determinacións da normativa urbanística vixente en relación á solicitude de licenza de obra para a instalación de ascensor en edificación existente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/03/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO, en virtude do artigo 17.2 do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, **AUTORIZACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE** do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas, no que respecta á edificación existente sito na Rúa de Galicia nº 5 (anteriormente nº 18), en Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0001FX, de acordo coas determinacións da Memoria Técnica xustificativa da excepcionalidade do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019 así como do Escrito de xustificación de enmendas redactada polo redactor do proxecto de marzo de 2020 redactado polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (Col. 2.633), no que respecta ao Apartado I.B.3.1.1 Acceso portal, Apartado I.B.3.1.2 Ámbito interior portal, Apartado I.B.3.1.3 áreas de acceso a escaleiras e ascensores, Apartado I.B.3.2.1 Dimensionamento de escaleiras, Apartado I.B.3.2.2 Iluminación, Apartado I.B.3.2.3 Ventilación, Apartado I.B.3.3 Espacios de comunicación, Apartado I.B.3.4.B respecto ao ascensor, Apartado I.B.3.4.F respecto ao desembarco do ascensor en cada planta e o núcleo de escaleiras serán sempre espazos comunicados entre si a través de espazos común:

- *Darase trasladada do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS.*

SEGUNDO.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ISAURO, **LICENZA DE OBRAS (Nº 9/20)** para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR** en edificación existente sito na Rúa de Galicia nº 5 (anteriormente nº 18), en Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0001FX, nos termos do Anexo ao Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 13 de novembro de 2019 redactado polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (Col. 2.633):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colegial.*

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na legislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 29/04/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/04/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/04/2020 14:34:04





QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por María Isabel Pérez Domínguez en representación da **C.P. Perú Manzanares**, de data 20/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 2.606), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Manzanares, nº 120, Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/03/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **C.P. Perú Manzanares** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Manzanares, nº 120, Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **María Isabel García Gude**, de data 26/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 2.886), no que solicita o pintado de liña amarela do de vao permanente situado no Lugar da Mamoá, nº 35 A, Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/03/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar o pintado da liña amarela do de vao permanente situado no Lugar da Mamoá, nº 35 A, Ribeira, así como o pintado doutra liña amarela enfronte ao mesmo para facilitar a entrada e saída de vehículos, según o sinalado no citado informe policial.





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Francisco Cobas García**, de data 21/02/2020 (Rexistro de entrada nº 2.711) no que solicita a instalación dun espello de tráfico na Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 6 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 12/03/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a instalación dun espello de tráfico na Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 6 (Ribeira, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá ser a Comunidade de Propietarios do inmovible situado na Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 6 (Ribeira) a que deberá asumir o custo da adquisición e mantemento do espello de tráfico, sendo o concello o encargado da súa instalación.

3.- Visto o escrito presentado por Montserrat Forte Fernández, de data 13/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 2.211), no que solicita a instalación dun espello vial e colocación dun paso de peóns con sinalización vertical no Lugar do Touro, á altura do nº 39 (Ribeira).

Visto o informe de data 18/03/2020 emitido ao respecto pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Denegar** a instalación dun espello de tráfico solicitado xa que, según o citado informe policial:
“Persoado o axente na zona e realizada inspección oculo establece que non é necesaria a colocación de espello vial ao estar sinalada a vía como unha rúa de sentido obrigado R-400 hacia a praia do Touro/Area Secada estando sinalizado con xiro prohibido hacia a dereita os vehículos que acceden polo callexón”
- b) En relación á colocación do paso de peóns, a súa instalación non resulta viable debido a que non cumpriría coas distancias mínimas que garantan a súa seguridade. Xa se solicitou en varias ocasións á Deputación Provincial da Coruña (Administración titular da estrada DP7307) pero foi denegado por o sinanalo anteriormente.





OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTEDEURA - RIANXO XESTIÓN DE EMPRESAS S.L.

REDE DE SANEAMENTO: REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO, ÁMBITO CORRUBEDO
EXPEDIENTE: 2019VERT000004

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Anxo Rodríguez García, en representación de Rianxo Xestión de Empresas S.L., presentou na sede electrónica do Concello de Ribeira un escrito, de data 18 de decembro de 2019 (entrada núm. 17.559), mediante o que solicita permiso municipal de vertedura para unha actividade hoteleira/hostaleira no Faro de Corrubedo, Corrubedo, T.M. de Ribeira. Achégase ao escrito documentación para o seu exame e análise.

Escrito de Alcaldía de data 27 de decembro de 2019 (saída núm. 6.369), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., informe sobre a solicitude de permiso de vertedura efectuada por Rianxo Xestión de Empresas, S.L.

Informe emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., de data 15 de abril de 2020, referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Rianxo Xestión de Empresas, S.L.

2. NORMATIVA APLICABLE

- *Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia*
- *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira*
- *Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento*

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”





Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)”

Establece o artigo 17 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:

a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.

b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.

c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentárase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”

Establece o artigo 18 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: “O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.





- e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.
- f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración.
- g) Horario de vertedura.
- h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura. Seranlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.
- i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.
- j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.
- k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deba remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.
- l) Prazo de validez do permiso de vertedura.
- m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.
- n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.
- o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.
- p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.





q) *Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso.*"

4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Rianxo Xestión de Empresas, S.L. emitido por Lidia Golobardas Otero (Técnica de Control de Verteduras de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.) e por Cristina Casas Pérez (Responsable de Operacións Zona Sur de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U.), de data 15 de abril de 2020.

Visto que non se puido efectuar visita de inspección ás instalacións xa que estas se atopan en fase de proxecto.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 21/04/2020, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (rede municipal de saneamento da poboación de Corrubedo, Ribeira) á empresa Rianxo Xestión de Empresas, S.L. para as futuras instalacións hoteleiras/hostaleiras localizadas no Faro de Corrubedo, Corrubedo, T.M. de Ribeira (actualmente en fase de proxecto).

PERMISO DE VERTEDEURA:

a) Datos de identificación do titular da actividade/inmable, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:

Nome / Razón social: Rianxo Xestión de Empresas, S.L.

N.I.F.: B-70052220

CNAE: 5510 "Hoteles e aloxamentos similares", e 5610 "Restaurantes e postos de comida"

Enderezo da actividade prevista: faro de Corrubedo, Corrubedo, T.M. de Ribeira
Referencia catastral: 001300200MH91C0001MQ.

Consumo de auga: 2007,5 m³/ano

Observacións: a finca na que se localizan as edificacións obxecto da actuación está incluída dentro do dominio público marítimo terrestre, e está baixo a competencia de Puertos del Estado, sendo parte do conxunto obxecto dunha concesión de explotación, adxudicada mediante concurso.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:





Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: Clase 1-Grupo 0. Sector servizos.

A vertedura final é de augas residuais asimilables a domésticas.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

Actualmente a instalación non conta con conexión á rede de saneamento municipal. A empresa presentou a solicitude de conexión no Servizo Municipal de Augas de Ribeira con data o 30/12/2019, número de expediente 1973.

A conexión ao sistema de saneamento municipal deberán realizala de forma separativa. Non poderá haber aporte de augas pluviais no caudal vertido, estas deberán quedar na propia parcela.

A conexión á rede municipal de saneamento será no pozo de rexistro da rede de saneamento municipal máis próximo á localización do establecemento.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde deberán conectar por medios propios a súa acometida de saneamento, son as seguintes: X: 493355,7256; Y: 4713684,3491; ED50

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Memoria descriptiva da actividade:

Proxéctase un conxunto hostaleiro/hoteleiro que se describe coma segue:

O edificio principal do conxunto, que é o Faro de Corrubedo, destinarase a restaurante, e no mesmo situarase á súa vez a recepción do hotel. A través dunha serie de pasarelas, comunicarase devandito edificio cos demais que son:

- Un edificio de forma hexagonal de dúas plantas, situado ao leste do faro, no cal se construírán seis das habitacións do hotel.
- Un edificio denominado "sirena", situado ao sur do faro no cal se situarán as cinco habitacións restantes que compoñen o Hotel.

Complétase o conxunto con dúas pequenas edificacións, unha das cales conterá unha pequena microdependencia hostaleira, cafetería e xadería, e outra edificación que constituirá o salón social do hotel.

Datos de produción:

A empresa desenvolve as actividades hostaleira, hoteleira e restauración. Non aplica a consideración de datos de produción a este tipo de establecementos.

Balance de augas:





A única fonte de abastecemento de auga potable da empresa é a través do servizo de augas da Comunidade de Augas de Corrubedo. Os usos son os propios das actividades hostaleira, hoteleira, e restauración. Entre eles estarán a limpeza, aseos e baños e cociñas.

O consumo medio estimado é de 5,5 m³/día, segundo solicitude entregada.

Polo proceso produtivo levado a cabo no establecemento, o caudal vertido é considerado o mesmo que a auga consumida, distribuíndose en augas de tipo asimilable a doméstica, procedentes dos aseos, baños, limpeza e cociña, nun 100% do caudal vertido.

Sistemas e unidades de tratamento:

As augas procedentes das instalacións, consistentes en auga de aseos e baños, limpeza, e cociña serán conducidas a través de arquetas de recollida distribuídas por diferentes puntos da instalación. As arquetas deberán ser visitables e en número suficiente para permitir a inspección e limpeza se fora necesaria, da instalación.

Deberase dotar á instalación dunha arqueta de desbaste e dunha cámara separadora de graxas, previas ao vertido final á rede de saneamento, antes da acometida e no interior da propiedade. O dimensionado deberá xustificarse axeitadamente segundo as normas técnicas establecidas. Deberán realizar limpeza periódicas que aseguren o bo funcionamento dos dispositivos.

Deberán dispoñer dunha arqueta de rexistro, sección de control tipo II, situada preferentemente fóra do inmovible, en terreos do propio usuario, augas abaixo da última vertedura, previa á conexión coa rede municipal, que permita o control da vertedura. Estará libre de todo obstáculo e atoparse en bo estado de limpeza.

Vertidos finais á rede de sumidoiros:

A vertedura final é de augas residuais domésticas. As verteduras prodúcense polos servizos hoteleiros habituais (aseos, baños, cociñas, lavandería...), sendo estas asimilables a augas residuais domésticas.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

Deberase limitar na medida do posible o vertido de sólidos á rede de saneamento (restos de comida, produtos sanitarios...), facendo bo uso da





recollida selectiva de residuos. A cantidade de sólidos grosos no vertido debe ser inapreciable.

Deberase dispoñer dunha arqueta de desbaste e unha cámara separadora de aceites e graxas previas ao vertido á rede municipal de saneamento. Deberán ocuparse da limpeza periódica destas, asegurando o seu correcto funcionamento, e xestionar os residuos xerados.

Características das augas residuais vertidas: unha vez posta en marcha da actividade, a empresa deberá presentar unha analítica representativa do vertido. Os resultados da analítica deberán cumprir os límites máis restritivos establecidos na *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

Os parámetros básicos a analizar e os seus límites serán os seguintes:

Data	pH	Condutividade (20°C)	DBO ₅	DQO	Sólidos en suspensión	Nitróxeno Amoniacal	Fósforo total	Sulfuros	Aceite e graxas
Límites aplicables	5,5-9	5.000	300	700	250	50	25	20	50
Unidades	U. pH.	µS/cm ²	mg O ₂ /L	mg O ₂ /L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L

f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración:

O caudal de augas residuais verterase de forma distribuída ao longo do día. En todo caso, os caudais máximos instantáneos non poderán superar o triplo do caudal medio autorizado.

CAUDAIS DE VERTIDO		
Caudal medio anual	2.007,5	m ³ /ano
Caudal medio mensual	167	m ³ /mes
Caudal medio diario	5,5	m ³ /día
Caudal punta horario*	16,5	m ³ /h

*Caudal máximo instantáneo autorizado

g) Horario de vertedura:

Variable.

h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

A sección de control deberá ser dun tamaño axeitado aos condutos utilizados e cunhas dimensións adecuadas para o seu respectivo rexistro e limpeza. Deberá ser construída con fábrica de ladrillo macizo, formigón *in situ*, formigón prefabricado ou materiais plásticos. Apoiaranse sobre unha soleira de formigón





H-20 de 10 cm de grosor e cubriranse cunha tapa de formigón prefabricado de 5 cm de grosor, de fundición dúctil ou de calquera outro material aprobado polo Concello.

Terá unha dimensión mínima de 80 x 80 cm se é sección cadrada ou 80 cm de diámetro; deberá estar situada preferentemente fóra do inmovible, en terreos do propio usuario e sen afectar á vía pública; augas abaixo da última vertedura (de maneira que non se poidan alterar as características finais do efluente); estará libre de todo obstáculo e atoparse en idóneo estado de limpeza para a súa función.

Equipamento da sección de control: terá unha tapa de fundición ou de calquera outro material, aprobado polo Concello, con resistencia axeitada ao peso que deba soportar o tráfico (persoas ou vehículos), será hermética con xunta de goma para evitar o paso de olores e gases e disporá dun sistema de peche que impida a manipulación por persoal non autorizado; a tapa terá unhas dimensións axeitadas para facilitar o acceso ás persoas, se fose necesario, e para o paso dos equipos de mostraxe; a responsabilidade do seu mantemento será exclusivamente do titular da acometida; non se considera necesaria a instalación dun tomamostras automático xa que o caudal de vertido non é significativo en canto á calidade e á cantidade; será necesaria a instalación dun dispositivo axeitado para a medida de caudal vertido (este equipamento deberá permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero).

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso:

Non procede.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

Debido ao estado de proxecto da solicitude de permiso de vertedura, a empresa xestora, actualmente Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., non realizará inspección previa das instalacións.

Antes de entrar en servizo o complexo, será necesario realizar unha visita ás instalacións para comprobar que as actividades realizadas pola empresa compren os requisitos necesarios para a concesión do permiso de verteduras.

Unha vez que a actividade entre en funcionamento, o servizo realizará **unha (1) inspección trimestral** que incluírá unha visita ás instalacións e a toma ou non dunha mostra puntual ou integrada.





De non detectarse ningún incumprimento significativo, manteranse ditas inspeccións, segundo determine o Concello. En caso contrario, o servizo informará ao Concello dos incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións, e incluso a rescisión do permiso de vertedura).

O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento* e terá unha validez de **oito (8) anos**, renovable por períodos idénticos (artigo 15.5 da Ordenanza).

O permiso de vertedura deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, coa aprobación da nova normativa ou cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento fosen alteradas ou sobreviñeran outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos, podendo ser o caso de decretar a suspensión temporal ata que ditas circunstancias sexan superadas (artigo 19 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*).

As contías económicas das inspeccións, xornais e comprobacións de verteduras que se establecen neste punto están reguladas na correspondente *Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento* ou na vixente en cada momento.

A empresa debe aboar as contías económicas das análises periódicas e das emisións de informes, así como actuacións de comprobación e investigación, directamente á empresa concesionaria do servizo, segundo o establecido no artigo 5 da ordenanza fiscal. En caso contrario a empresa poderá ser sancionada.

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Non procede para este caso.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na Ordenanza municipal. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:





Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso de Rianxo Xestión de Empresas S.L o servizo non considera necesario fixar unhas medidas concretas de actuación debido á actividade que desenvolverá nas instalacións.

Considerarase que o risco de que se produza unha situación de emerxencia que poida afectar ás instalacións está controlado, sempre que os almacenamentos de líquidos susceptibles de provocar ditas situacións dispoñan de cubetos de seguridade ou outros dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes. Deberase acreditar a documentación solicitada acerca dos produtos químicos utilizados e as condicións de almacenamento (capacidade dos depósitos, existencia de cubetos de seguridade...).

Porén, achéganse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa concesionaria do servizo de saneamento, actualmente Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- Viaqua Central (24 h): 986863335
- Garda Viaqua: 609811275
- Concello de Ribeira: 981835417
- Policía Municipal de Ribeira: 981871178
- Protección Civil: 981876029

2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 h o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluírá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas "in situ".
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o





prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

Non procede.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Dispositivos de seguridade/almacenamento:

Os deterxentes e produtos de limpeza almacenados nas instalacións en formato industrial deberán estar almacenadas dentro de cubetos impermeables ou outro sistema de retención.

Os aceites vexetais, combustibles ou outros líquidos susceptibles de ser derramados e que se consideren perigosos para o medio ambiente, deberán estar almacenados dentro de cubetos impermeables ou outro sistema de retención.

En calquera caso deberase contar con material absorbente para evitar que un derrame accidental poida saír polos sumidoiros. O persoal contratado deberá estar informado do protocolo de actuación en caso de derrames de produtos na instalación. En caso de que o derrame puidera chegar a saír a través dos sumidoiros, deberase alertar ao Concello e ao Servizo de Augas na maior brevidade posible, de conformidade co previsto no apartado m).

Deberán entregar as fichas técnicas e de seguridade dos produtos de limpeza e demais produtos que poidan ser perigosos para o medio ambiente, e que sexan usados na actividade habitual do establecemento.

Deberán indicar os dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias e produtos líquidos susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros (produtos de limpeza, aceites, gasóleo...). Pedirase que se describan as medidas de seguridade en canto a derrames, indicando o volume acumulado de produtos e volume das cubetas de seguridade.

Xestión dos residuos:





En canto á xestión de residuos, contratarase cunha empresa de recollida de residuos todos aqueles que excedan das previstas pola recollida municipal, e se disporán os espazos de almacenamento necesarios de acordo coas características do residuo.

No caso de xerar residuos perigosos no desenvolvemento da súa actividade habitual, deberán xestionalos mediante a recollida destes polo xestor autorizado. Deberase presentar constancia diso achegando a *Resolución de Inscripción no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos como Pequeno Produtor de Residuos Perigosos* e os *Documentos de Aceptación de Residuos* que correspondan.

Deberán informar das cantidades xeradas anualmente de cada residuo xestionado. Comprobarase a devandita xestión mediante a documentación correspondente.

5. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

Copia do informe de vertido emitido pola empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira.

A Presidencia levanta a sesión sendo as trece horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

